

Un presente de Castelao a Ruth Matilda Anderson¹

MANUEL VILAR ÁLVAREZ

Ruth Matilda Anderson chegou a Galiza en decembro de 1925. Había só catro meses que deixara o noso país, despois de percorrelo na compañía do seu pai para tirar un bo feixe de fotografías, unhas 5.000, e adquirir 2.800 dos mellores fotógrafos galegos para os fondos da Hispanic Society of America (Cabo 26). Nesta segunda viaxe non a acompañou o pai, “un home mui alto que estaba sempre con ela”, díxome o fotógrafo muxián Ramón Caamaño Bentín que os hospedou na súa casa de Muxía, como nolo conta a propia fotógrafa cando fala da súa visita á vila de Muxía:

Outside the church again, we were joined by a breathless lad of fourteen, an ardent photographer yearning for conversation with a fellow craftsman. One thing led to another, and presently we were going home with him. His mother, he said, was a patrona of lace makers... His mother received us very pleasantly and let us pore as long as we liked over the lice piled on her sittingroom table. (Anderson 1939: 415).

Nesta segunda visita viña cunha amiga, Frances Spalding. Alugarán un coche para moverse con máis comodidade polas maltreitas estradas galegas. Será en maio de 1926 cando retorne ao seu país, agora con máis de 2.000 novas fotos que foron parar tamén aos moitos fondos da Hispanic Society of America, institución situada na parte norte da illa de Manhattan, nun barrio habitado hoxe maioritariamente por dominicanos e portorriqueños; de feito, no mesmo grupo de edificios nos que está a Hispanic tamén se encontra unha das sedes do Boricua College, á sombra dunha imponente estatua do Cid Campeador en actitude ameazante e que debe asustar a máis dun que entra neste recinto².

Foi nesta segunda viaxe cando Ruth M. Anderson coñecería a Castelao e falarían de temas que aos dous lles interesaban, como a vestimenta, a música. Castelao, seguramente querendo ser amable cunha americana que mostraba tanto interese polo noso país e polos costumes das súas xentes, sacou a súa caixiña de acuarelas e fixo unha pequena

¹ O meu agradecemento a David Mackenzie que me facilitou o contacto de John O’Neill, exalumno seu na universidade de Coleraine (Irlanda do Norte) e que agora traballa na Hispanic Society of America. Nesta institución tamén quero dar as grazas a Marcus Burke e Constancio del Álamo pola súa amabilidade e trato amistoso.

² A estatua é da autoría de Anna Hyatt Huntington, segunda muller de Archer Milton Huntington. Tamén é a autora dun monumento a José Martí ao pé do Central Park neoyorquino.

pintura como presente para a fotógrafa americana, como o fai constar o autor nunha dedicatoria manuscrita fóra da composición: “Para señorita Ruth Matilda Anderson/ afectuosamente CASTELAO /1926”.

O presente é unha composición sinxela, froito seguramente da espontaneidade da ocasión e semella unha anotación sobre algo que o autor e a fotógrafa estarían falando. Algunha idea sobre tipos para a Hispanic Society of America que non foi adiante?

Esta pintura atópase entre os miles de fondos que garda a Hispanic Society of America, a onde chega cando Ruth M. Anderson fai doazón das súas cousas a esta institución, pouco tempo antes de morrer en 1983. Concretamente, esta obra de Castelao ten data de entrada de 14 de abril de 1982, aniversario da proclamación da II República, pola que el fixo campaña en Nova York. Na ficha aparece coa referencia “LA 542” e déronlle o título de “Festival of Spanish Song”. Debemos pensar que orixinalmente a obra non tiña título e que lle foi dado ben por Ruth M. Anderson, ben cando foi catalogado na HSA. As medidas son de 8 1/2 x 7”, que traducido ao sistema métrico decimal serían 21.6 x 17.8 cm. A ficha non nos di moito máis: a valoración que lle deron, que saíu do museo para ser tratada e que lle quitaron o marco. Se tiña marco é de supoñer que a fotógrafa o tería colgado nunha das paredes da súa casa neiorquina como un recordo das súas andainas por Galiza adiante e da xente con que tratou.

Nesta obra, na que as figuras están trazadas con rapidez pero a composición parece máis pensada, vemos dez persoas nunha escena que, sen dúbida, semella un

cadro flamenco. Hai unha figura central que é un home sentado e tocando unha guitarra. Esta figura divide a escena en dúas metades: á súa esquerda un grupo de cinco persoas; son tres mulleres sentadas –unha máis baixa- e unha parella de pé e arrimados á parede. Este grupo, que mantén unha composición triangular, semellan espectadores pasivos deste espectáculo e manteñen unha actitude algo máis ríxida, mantendo os brazos caídos e as mans cruzadas, especialmente as dúas figuras que están de pé e que poñen límite á escena.


O grupo que está sentado á dereita do guitarrista fórmano catro persoas, aínda que unha só a intuimos levemente; son dous homes e dúas mulleres, están sentados e mirando cara ao guitarrista, agás o que está ao seu carón, que mira de fronte ao público e podemos dicir que é o *cantaor*. Este grupo parece máis integrado no espectáculo, como o demostran as mulleres sentadas case de costas ao público e que deben formar parte ou acompañan coas súas palmas ao grupo musical que está actuando.

Toda a escena se desenvolve diante dunha parede lisa, rachada na monotonía monocroma só por unha especie de oco ou lacena que enche totalmente a metade esquerda da composición. No seu interior hai unha especie de figura cerámica, moi esférica e de cor vermella, que destaca sobre un fondo empastado con cores diversas, amarelas, azuis e brancas. Para pechalo ten dúas contras que abren cara ao escenario e están suxeitas por dous eses. Este oco logra darlle certa profundidade á composición, que non ten outras referencias espaciais.

Nesta creación, as figuras, algunhas case planas e monocromáticas, están trazadas



Castelao: "Festival of Spanish Song"



Dedicatoria de Castelao a Ruth Matilda Anderson

con rapidez e pola cor, pois aquí o debuxo apenas ten importancia. As caras e as formas intuímolas grazas ás manchas de cor e pola luz que se reflicte entre algúns dos pregues dos vestidos femininos, luz que entra polo

lateral dereito e non polo oco que está ao fondo. Estas figuras, especialmente as dúas que están de pé, poden recordarnos pola súa composición e trazo, especialmente na configuración dos rostros, ás de Edward Munch.

Isto pode parecer algo pretencioso, mais lembremos que Castelao coñeceu a obra de Munch cando estivo en Alemaña en 1921 (Castelao 1977: 301), onde, ademais, descubre os interiores coas escenas de cabaret.

No seu diario tamén escribiu que “a liña é o sustantivo e que a côr non é máis que un adxetivo” (1977: 299). Contrariamente na obra que regalou a Ruth M. Anderson o substantivo apenas ten presenza e é o adxectivo da cor o que dá forma e contido á obra. É unha peza que se constrúe sobre a armazón da cor, “pois a côr é música” e, nesta composición, fálase dun tópico musical que, seguramente, estaría presente na conversa que Castelao mantivo coa fotógrafa americana, xa que esta tamén estaba interesada na música, como o demostran catro partituras de alalás recollidas pola propia RMA e depositadas por ela na HSA en setembro de 1925.

O tema desta composición pode parecer algo estraño no conxunto da obra pictórica de Castelao. Pero non o é tanto, xa que tamén fixo “debuxos e pinturas que non naceron coa intencionalidade de obra para ser exposta ou cando menos a formar parte do debate artístico persoal”. Pola técnica podemos comparala con “Roda de nenas” do Museo de Pontevedra e, pola temática, emparentala coa “Dama con abanico” da Fundación Barrié. Seguindo a Fernando Martínez Vilanova (Vilanova 2000: 79), que fala de que unha parte da obra gráfica de Castelao estaría encadrada no que chama “producción da intimidade”, diremos que esta acuarela que se atopa na Hispanic Society of America, unha acuarela de pequeno formato, débese incluír neste apartado íntimo da produción gráfica do rianxeiro sen buscarlle moitas máis explicacións nin pretensións estéticas.

Castelao en Nova York

Hai máis de vinte anos Isaac Díaz Pardo (1986) escribiu que o exilio americano de Castelao estaba aínda por estudar. Hoxe andouse un bo camiño para aclarar os pasos e ánimos de Castelao no exilio de Nova York entre agosto de 1938 e xuño de 1940, con traballos como os de Bieto Alonso, Emilio González López, Mejía Ruiz, Núñez Seixas, Nancy Pérez, Amado Ricón ou Luís Soto. A esta cidade chegou para facer campaña a prol da causa republicana e aquí estivo agardando para irse á *Galiza ideal*, que para el representaban os galegos do Río da Prata, onde pensaba que era máis útil o seu traballo e era “a mellor Patria que hoxe se me pode ofrecer” (Castelao 1961: 227). Pero a súa estadia na Gran Mazá, aínda que non agradable nalgúns momentos como conta nalgunhas das súas cartas, foi interesante xa que aquí tamén traballou arreo e non só a prol da República até que rematou a guerra, senón que contribuíu á unidade dos galegos emigrados nesta cidade coa creación da *Casa Galicia*, onde deixou un cartaz co lema “Galegos de América, cumpri de manda dos vosos mortos”. Máis de corenta anos despois o poeta, residente nesa cidade, exclamaría diante das portas desta institución, agora situada no barrio de Queens:

¿Que foi de ti Casa de Galiza?

¿Quen escondeu a túa bandeira?

.....

Si Castelao soubese

Que xa non tes compañeiros

(Álvarez Koki: “Frente a Casa de Galiza en Nova York inverno do 84”)

Pero mentres agardaba para ir a esa *Galiza ideal* e cando a tristura do inverno invitaba a ensumirse en meditacións, Castelao aproveitou o tempo e, detrás dunha xanela de Nova York ensombrecida por un rañaceo, rematou *Os vellos non deben de namorarse*, fixo debuxos de negros e haitianos, o álbum *Milicianos* e traballou noutros textos.

No seu labor como recadador de fondos para a causa republicana non só deu numerosos mitins en diferentes lugares da xeografía americana, senón que tamén fixo obra gráfica, como nolo conta o xornal en español *La Voz* (Nova York, xoves 30 de novembro de 1939, p. 12) nunha crónica titulada “Grandiosa velada de arte y cultura”. Nela lemos que esa velada estaba organizada polo crego Leocadio Lobo e celebrada no teatro McMille da Universidade Columbia. No acto, presentado por Ernesto Guerra da Cal, actuou o coro do “Frente Popular Antifascista Gallego de Nueva York y Brooklyn”. A crónica dinos que “al terminar el acto se sorteará un dibujo original del gran artista Alfonso R. Castelao. Además de Don Leocadio Lobo, forman el Comité Organizador los profesores Tomás Navarro y Emilio González López”.

Debemos lembrar tamén que Castelao expusera nesta cidade os seus debuxos, fora nos Delphic Studios, como nolo conta por exemplo o xornal *The New York Times*, na edición do 24 de outubro de 1938, ao falar das diversas exposicións que se poden ver nesa semana, entre as cales cita a de Castelao: “Drawings by Castelao are on view at the Delphic Studios”. Pero seis días máis tarde (30 de outubro, p. 170) este xornal dedícalle, asinado por H. D., un pequeno texto, que di:

The Spanish artist Castelao presents the contrast of his native Galicia under the monarchy and under fascism- the former idyllic phase in some fifty sketches from the album NOS published in 1918, and the latter phase in powerful and even brutally strong drawings not imitative of Goya but in the Goya tradition: sketches showing the horrors of civil war in unforgettable vignettes of murder, rape, and other violence. It is horror-inspiring work-swift, direct and terribly emotional-that one cannot merely regard coolly and objectively as art.

E outra vez *The New York Times* (9 de xaneiro de 1950, p. 20) farase mesmo eco do pasamento de Castelao en Bos Aires:

Dr. Alfonso R. Castelao


Buenos Aires, Jan. 8 (UP)- Dr. Alfonso Rodriguez Castelao, Spanish painter, and former Columbia University professor, died here today at the age of 62.

Quizais, cando nesta breve crónica se refiren ao antigo profesor da Columbia University se estean referindo ao Castelao que impartiu alí unha conferencia sobre Valle-Inclán.



Nesta pequena contribución só quería presentar un pequeno traballo de Castelao e chamar a atención cara a un punto da xeografía ao norte da *Galicia ideal*, que parece que foi a ideal tamén para os estudosos da emigración e do exilio, que nese lugar ao norte tamén se garda memoria dos galegos, de milleiros de galegos exiliados

e emigrados, que nas súas rúas multiculturais tamén se escoita de cando en vez o galego falado por galegos que, por mor dos procesos de globalización, teñen agora

vidas transnacionais, con fortes vínculos nun lado e no outro, son “transmigrantes”, algo que os diferencia da emigración clásica. 

Bibliografía

- ALONSO, Bieito (2000) *O exilio de Castelao*. Vigo, Edicións A Nosa Terra.
- ANDERSON, Ruth Matilda (1939) *Gallegan Provinces of Spain. Pontevedra and La Coruña*. Nova York, The Hispanic Society of America.
- ÁLVAREZ “KOKI”, Francisco (1991) *Máis aló de Fisterre*. Pontevedra, Servizo de Publicacións da Excma Deputación Provincial de Pontevedra.
- CABO VILLAVERDE, José Luís (1998) “O proxecto galego de Ruth Matilda Anderson”, en *Ruth M. Anderson. Fotografías de Galicia 1924-1926*. Xunta de Galicia e The Hispanic Society of America.
- DÍAZ PARDO, Isaac (1986) “Castelao en América”, en *Castelao. 1886-1950*. Madrid, Ministerio de Cultura.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio “Castelao no exilio en New York”, en *Actas do Congreso Castelao*, Xunta de Galicia, pp. 131-137.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio (2000) *Castelao propagandista da República en Norteamérica*. (Edición de Xosé Ramón Fandiño e coa colaboración de Amado Ricón). Sada, Edicións do Castro.
- MEJÍA RUIZ, Carmen (2004) “El exilio de Castelao en Norteamérica (Textos y documentos)”. *Madrygal*, nº 7, Madrid, pp. 79-92.
- NUÑEZ SEIXAS, Xosé Manuel “Emigración e exilio en Alfonso R. Castelao: da ‘moura fartura’ á ‘Galicia ideal’”. *Estudios Migratorios*, nº 15/16, Santiago de Compostela, pp. 9-48.
- PÉREZ REY, Nancy (2006) “Panorama do exilio galego republicano en Nova York”. En X.M. Núñez Seixas e Pilar Cagiao Vila (Eds.) *O exilio galego de 1936: política, sociedade, itinerarios*. Sada, Edicións do Castro, pp. 189-198.
- RICÓN, Amado “Castelao, propagandista de República e organizador galego”, en *Actas do Congreso Castelao*, Xunta de Galicia, pp. 139-146.
- RODRÍGUEZ CASTELAO, Daniel (1961) *Sempre en Galiza*. Bos Aires, Edicións As Burgas.
- RODRÍGUEZ CASTELAO, Daniel (1977) *Castelao. Diario 1921*. Vigo, Editorial Galaxia.
- SOTO, Luís (1983) *Castelao, a U.P.G. e outras memorias*. Vigo, Edicións Xerais de Galicia.